



FESTAS SAN TELMO 2025

II Casetas Gastronómicas . Bases Participación e Información

Espazo Feiral . Sábado 19 abril – Luns 28 abril 2025 - 17:00h a 03:00h

PRIMEIRA	ORGANIZACIÓN
<i>O Excmo. Concello de Tui, a través da súa Concellería de Ensino, Cultura e Mocidade, organiza a II Casetas Gastronómicas, que se realizará dentro do marco de actividades de San Telmo 2025 na Cidade de Tui, co obxectivo de regular e crear un marco legal para a celebración deste II Casetas Gastronómicas, con éxito de participación na edición anterior, coa convocatoria de postos de venda directa para a promoción do produto natural, autóctono e artesá.</i> <i>A organización comunica a cada asociación participante e ó conxunto das mesmas, que facilitará:</i> - <i>A cada participante: 1 caseta de venda, 2 bidóns/mesa (para degustación do produto), 4 valos.</i> - <i>Ó conxunto de participantes: 2 tomas de auga, 8 contedores; 4 de lixo orgánico, 4 amarelos.</i> - o <i>Ás 10:00 horas do martes 15 de abril, farase entrega a cada asociación das chaves das casetas e a devolución das mesmas será ás 10:00 horas do mércores 30 de abril no lugar das casetas.</i> - o <i>No Espazo Feiral (con acceso por Avda. Concordia, portal acceso á carpa das casetas), cada inscrición terá reservado estacionamento para un vehículo (facilitarase credencial).</i> - o <i>Cada participante aportará un voluntario para control de acceso á zona de degustación, para información ao usuario e participante da festa, para a difusión e promoción da mesma, así como, limpeza taboleiros.</i> - <i>Dotará ó conxunto das casetas dunha carpa de 10x40 metros, a montar lateralmente á dos concertos de 20x40.</i> - <i>Dotará ó Espazo Feiral dun módulo con 12wcs e lavabos.</i> - <i>Non se responsabilizará das modificacións que poidan producirse por causas alleas ou de forza maior na celebración da festa, así como, declina nos participantes a responsabilidade sobre a calidade, composición e elaboración ou mesmo o prezo dos produtos á venda.</i> - <i>Non permitirá a venda ambulante no recinto ou asentamento de calquera posto non autorizado.</i>	
SEGUNDA	DATA, HORARIO E EMPRAZAMENTO
<i>O II Casetas Gastronómicas celebrarase dende o sábado 19 de abril ata o luns 28, en horario de 17:00h a 03:00h, no Espazo Feiral.</i>	
TERCEIRA	NORMATIVA SANITARIA
<i>Todos os vendedores de alimentos deberán estar en posesión do Carné de Manipulador de Alimentos ou formación equivalente debidamente acreditada, e levar un vestuario adecuado e en perfectas condicións hixiénicas, levar o pelo atado e a cabeza cuberta cun gorro ou complemento similar. Non está permitido que o persoal que se encargue dos cobros manipule tamén os alimentos.</i> <i>Toda bebida deberá ser etiquetada. Permitirase a venda de auga, refrescos, cervexa e viño. Queda terminantemente prohibida a venda de alcohol a menores, sendo o participante o responsable único e exclusivo de cumprir esta condición. A bebida deberá ser servida en vasos funxibles, quedando prohibida a venda de bebida no seu envase orixinal.</i> <i>Os produtos á venda deberán ser naturais, autóctonos e elaborados artesanalmente.</i> <i>As tortillas, empanadas, e outras elaboracións, deberán estar moi feitas, e facerse o mesmo día. Os doces deberán facerse a última hora antes da venda. Os produtos que se usen en calquera das comidas, deberán ser mercados en establecementos autorizados, garantindo a calidade e hixiene.</i> <i>Os produtos alimenticios expostos, deberán estar en recipientes apropiados. Colocaranse carteis visibles que indiquen que non se poden tocar. Deben vixiarse os alimentos que precisen ser servidos en frío evitando os riscos para a saúde.</i> <i>O instrumental, artigos, e outros aparellos deben estar limpos e en bo estado de conservación.</i> <i>O material funxible que se vaia a consumir ten que ser ecolóxico e biodegradable e apto para contacto cos alimentos segundo a normativa vixente.</i>	
CUARTA	POSTOS
<i>Todos os carteis informativos e de prezos estarán redactados en galego. A listaxe de prezos deberá estar á vista, e non se poderá alterar.</i> <i>Na fronte do posto colocaranse carteis co nome da asociación inscrita e número de participante.</i> <i>Fóra dos postos non se permitirá almacenar caixas ou vultos. Só se poderá aumentar a superficie de venda con 1 mesa ou plataforma adicional no lateral.</i>	

O participante é responsable da limpeza e da seguridade interna do seu posto. Non se pode deixar lixo no lugar ocupado. Deberase deixar o lugar no mesmo estado de limpeza no que se atopaba previo á montaxe. Os postos terán que cubrir o chan para evitar manchas de graxa, aceites ou similares.

Cada participante deberá obrigatoriamente ter unha persoa encargada da limpeza dos taboleiros de degustación situados no lateral ao seu posto, así como, do espazo de uso frontal de usuarios. Aportarán pola súa conta as bolsas de lixo.

Prohibición de facer lume en todo o emprazamento e horario da festa. É obrigatorio contar cun extintor de 6 kg por participante.

Quedan prohibidos aparellos reprodutores de música, altosfalantes, ou calquera outro que emita son.

QUINTA

PARTICIPACIÓN

Só participarán as 8 primeiras asociacións culturais de Tui que presenten solicitude por rexistro de entrada e estean inscritas no rexistro municipal de asociacións.

A caseta que ocupará cada asociación será a que corresponda seguindo o seguinte criterio: Seguirase un criterio alfabético comezando pola Rúa Mártires de Sobredo e rematando na Avda. da Concordia, (seguindo o criterio iniciado na I Casetas Gastronómicas), polo que este ano a caseta máis próxima a Rúa Mártires de Sobredo será a que ocupe o segundo posto da lista e así sucesivamente.

O Concello notificará a cada asociación participante a autorización de participación, unha vez comprobada a documentación achegada e os datos do Anexo 01, como modelo de solicitude.

SEXTA

INSCRICIÓN

*O prazo de inscrición será o **4 de abril**, por sede electrónica do Concello de Tui (www.tui.gal) en modelo normalizado (Anexo 01). No momento de formalizar a inscrición é obrigatoria a presentación da seguinte documentación, senón non será admitida a solicitude.*

A documentación que xa obre no Concello non será preciso volver a presentala, pero si indicar en que momento facilitouse a esta administración segundo art. 28 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

- CIF - Copia do C.I.F da asociación participante.
- DNI - Copia do D.N.I do presidente da asociación.
- R.C. - Copia da póliza de Seguro Responsabilidade Civil obrigatorio, que cubra a venda de alimentos e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso.
- N.X.D. - Copia do nomeamento da xunta directiva no libro de actas da asociación.
- C. M. A - Copia dos diplomas de manipuladores de alimentos dos membros participantes por asociación.
- C.P.V.P. - Carta de produtos á venda e prezos dos mesmos.
- No seu caso, acreditación da representación que se ostenta.

Comprobación de datos

De conformidade co art. 28.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta administración poderá consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios para a tramitación da súa solicitude (CIF – DNI), salvo que manifeste oposición a esta consulta, suposto no que deberá achegar dita documentación. (Ver Anexo 01)

Emenda de erros.

Recibidas e revisadas as solicitudes de inscrición, o Concello poderá requirir aos participantes para que no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao requirimento, emenden os erros e/ou acompañen os documentos pertinentes, con indicación de que se así non o fixeran, perderán o seu dereito a participar na II Casetas Gastronómicas.

Notificación

Finalizado o prazo de emenda de erros, o Concello de Tui notificará aos participantes seleccionados, facilitando a información necesaria para o correcto desenvolvemento do II Casetas Gastronómicas, nun prazo máximo de 10 días.

SÉTIMA

TAXAS

A taxa a aplicar de acordo coa ordenanza fiscal por ocupación con postos, é de 1,49€/m²/día, sendo un total de 10 m² os ocupados por cada caseta durante 10 días, o que fai un total de 149€.

OCTAVA

COMUNICACIÓN

Estas Bases serán oficiais no momento da aprobación por Decreto de Alcaldía e publicadas na web www.tui.gal, e difundidas a través da Radio Municipal de Tui e nos diferentes medios de comunicación, e estarán á disposición da cidadanía no taboleiro de información no Concello de Tui e no Departamento de Cultura, xunto ó Anexo 01, modelo inscrición normalizado para o fin.



Anexo 01

FESTA SAN TELMO 2025**II Casetas Gastronómicas. Solicitud Inscripción e Participación**

Espazo Feiral. Sábado 19 abril – Luns 28 abril 2025 - 17:00h a 03:00h

CASSETAS GASTRONÓMICAS

ASOCIACIÓN (nome)	PROCEDENCIA (lugar ou parroquia)

CIF (asociación)	TELÉFONO (asociación)	CORREO ELECTRÓNICO (asociación)


ENDEREZO / RÚA / BARRIO (asociación)	Nº	PARROQUIA	C. POSTAL	LOCALIDADE

NOME - PRESIDENTE (asociación)	DNI - PRESIDENTE (asociación)

CONTACTO INSCRIPCIÓN (nome+tlf)	CONTACTO MONTAXE (nome+tlf)	CONTACTO RECOLLIDA (nome+tlf)

OBSERVACIÓNS A ORGANIZACIÓN	Nº PERSOAS	VEHÍCULO (modelo – matrícula)

MATERIAL DE TRABALLO ADICIONAL A MONTAR NO POSTO (información específica para a organización)

INFORMACIÓN DA CASETA**NORMAS DE USO:**

- Non se poden perforar os paneis da caseta.
- Non se pode manipular a instalación eléctrica.
- Os peches de portas e ventás da caseta deben ser usados con responsabilidade.
- O mal uso da caseta recaerá sobre a persoa usuaria.

SERVIZOS:

-2 tomas de corrente de 2200W.

ANEXOS (a presentar)

CIF	☐
DNI	☐
R.C.	☐
N.X.D.	☐
C.M.A.	☐
C.P.V.P.	☐

CONFORMIDADE DE PARTICIPACIÓN E DE TRATAMENTO DE DATOS

Dou conformidade, que logo de ler estas Bases da II Casetas Gastronómicas dentro do marco de actividades da Festa de San Telmo na cidade de Tui, acepto participar, estando acorde coas mesmas; así mesmo, acepto o tratamento dos meus datos nos termos descritos na táboa do reverso, coas finalidades e cesións redactadas, por isto, considérome informado.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

COMPROBACIÓN DE DATOS:

De conformidade do artigo 28.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta administración poderá consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios para a tramitación da súa solicitude, salvo que manifeste a súa oposición a esta consulta no seguinte recadro, suposto no que deberá achegar dita documentación

	Opóñome a consulta (marcar cunha X)
CIF da ASOCIACIÓN	
DNI do PRESIDENTE	

Información básica sobre protección de datos:

Regulación(UE) 2016/679 do 27 abril 2016(RGPD) e Lei Orgánica de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais, 3/2018(LOPDGDD):

RESPONSABLE	Concello de Tui
FINALIDADE	Establecer as necesarias comunicacións cos administrados
LEXITIMACIÓN	Consecuencia da execución dun contrato. Art.6. da Lei 3/2018.
DESTINATARIOS	Non se cederán datos a terceiros, salvo de obrigação legal
DEREITOS	Asístenlle os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade e limitación, que poderá exercer nas nosas oficinas ou na conta de correo: rexistro@tui.gal
INFORMACIÓN ADICIONAL	Dispón da información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa web www.tui.gal no apartado de políticas de privacidade.